



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-IB / 2019

Expediente: 2019000003586

RESOLUCIÓN Nº 18519 DO 28/05/2019, POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2019- ÁREA DE ILUSTRACIÓN E BANDA DISEÑADA

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Vista a resolución do Presidente nº 2019/16150, de 9 de maio de 2019, pola que se aproba a relación provisional das persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2019 - Área de ilustración e banda deseñada

No prazo de alegacións concedido na devandita resolución, BEATRIZ LOSTALE SEIJO, presentou un escrito desistindo da súa solicitude para participar na convocatoria de BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2019- Área de ilustración e banda deseñada

#### **RESOLVO:**

1º.- Aceptar a desistencia da solicitude presentada por BEATRIZ LOSTALE SEIJO

2º.- Aprobar a relación definitiva de admitidos e excluídos para participar na convocatoria de BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2019- Área de ilustración e banda deseñada, que foi publicada no BOP 44, do 04/03/2019, de acordo co seguinte:

#### **PERSOAS ADMITIDAS**

GERMADE REY, RAQUEL

*Estudos obxecto da solicitude:* Curso de Investigación Visual (Ilustración e deseño) e curso de Narrativa Gráfica na Facultade de Belas Artes do Porto

#### **PERSOAS EXCLUÍDAS**

LOSTALE SEIJO, BEATRIZ

Motivo da exclusión: Solicitude descartada por desistencia da solicitude

RESCH PEREZ, MENCIA

Motivo da exclusión: Solicitude descartada por erro de área

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.